



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Información pública padrón fiscal taxa ocupación vía pública con postos para feiras, ano 2024

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRON FISCAL DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS PARA FEIRAS, ANUALIDADE 2024

Por acordo da Xunta de Goberno do 16 de febreiro de 2024, prestouse aprobación ao padrón fiscal da taxa pola ocupación da vía pública con postos para feiras, correspondente ao ano 2024.

Conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, o citado padrón queda exposto ao público aos efectos de presentación das reclamacións que se estimen oportunas, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de 15 días dende a publicación.

Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses, a contar dende o día seguinte á publicación do edicto no BOP. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, transcorrido o período de exposición pública, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. alcalde-presidente, como establece o artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

Ordes, a 19 de febreiro de 2024.

O Alcalde-Presidente

José Luis Sanjurjo Martínez